



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

Mitos e figuras do imaxinario medieval

Profesores

Santiago López Martínez-Morás / Victor Millet Schröder- M^a Rocío Sánchez
Ameijeiras / M^a Isabel Morán Cabanas (coordinadora)

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2024/2025

FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Edición electrónica. 2024

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.



1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: *Mitos e figuras do imaxinario medieval* (P5091205)
- Tipo de materia: Optativa
- Número de créditos: teóricos 3, prácticos 3
- Cuadrimestre: 2º
- Requisitos recomendados: Ter cursadas as materias obrigatorias
- Profesores que a imparten:
 - **Dr. López Martínez-Morás, Santiago** – Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía. santiago.lopez@usc.es (1.5 créditos)
 - **Dra. Morán Cabanas, Mª Isabel** – Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía. isabel.moran.cabanas@usc.es (1.5 créditos) - coordinadora
 - **Dra. Sánchez Ameijeiras, Rocío** - Departamento de Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia. mdelrocio.sanchez@usc.es (1.5 créditos)
 - **Dr. Millet Schröder, Victor** – Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá. Facultade de Filoloxía – victor.millet@usc.es

➤ Lingua(s) en que se imparte: galego e castelán

➤ Horas e lugar de titorías:

O horario que se estableza estará suxeito ás obrigas académicas de cada un dos profesores e, en calquera caso, seralles comunicado aos alumnos durante o desenvolvemento do curso. Pódese consultar o horario tamén nas páxinas web das Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia.

➤ Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom/masteres.htm

➤ Calendario e horario de clases (**lugar: Facultade de Filoloxía, primeiro andar, sala de aulas C07, de 16.00h a 20.00h**):

Calendario: 21/03/2025 a 06/05/2025

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A cultura do occidente medieval caracterízase, entre outras moitas cousas, polo feito de que nsa época se crearon ou recibiron un novo impulso unha serie de mitos ou lendas ou tecidos de relatos arredor de figuras históricas ou ficticias que perviviron ata a modernidade a través do arte, da literatura, da ópera e mesmo do cinema. Trátase tanto de mitos tomados da antigüidade –coma os de Apolonio, Eneas ou Aleixandre– como de lendas de carácter ficcional – como os de Tristán e Isolda, Flores e Brancaflor, Lanzarote e Xenebra – ou relixioso – como os relatos sobre san Xurxo, san Gregorio e tantos outros –. Pero tamén existen figuras (históricas ou non) que non dan orixe a unha única lenda, senón que sobre elas se crean unha serie de relatos de índole variada: son o rei Arturo, Carlomagno, Teodorico, entre outros. A diferenza do que ocorre na modernidade, a cultura medieval non se basea na creación orixinal de novas historias, senón na reelaboración das vellas. Deste xeito, máis que en épocas posteriores, a recreación dos mitos e lendas coñecidos é unha forma de traballar a carga ideolóxica que conteñen.

Esta materia pretende introducir o alumno no estudo destes mitos e destas figuras como maneira de comprender o universo medieval desde un enfoque histórico, literario e artístico. O alumno vai ter a oportunidade de achegarse a estas materias narrativas e comprender os múltiples aspectos que convén ter en conta no seu estudo.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

1.–Formar o alumno na identificación e análise de mitos e lendas representados nas artes e nas letras da Idade Media europea con criterios científicos rigorosos e coherentes.

2.–Explicar cuestións teóricas acerca da creación de mitos ou da “mitificación” de figuras históricas e literarias.

3.–Identificar as diferenzas entre mitos e figuras procedentes do mundo clásico, da Biblia, da literatura ou da historia, e comprender as posibilidades semánticas e os usos políticos, culturais e ideolóxicos que deles se fan.

4.–Capacitar os alumnos para que manexen e utilicen con xuízo crítico a bibliografía relativa á materia no ámbito da arte, da historia e da literatura medievais.

5. Sigfrido, características e apropiacións dun mito xermánico (Prof. Victor Millet).

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

A materia pretende achegar o alumno ao ámbito máis ‘narrativo’ dos estudos medievais, no que se trata de coñecer o tratamento que algunhas figuras históricas ou ficticias recibiron nas tradicións artísticas e literarias, e o modo no que cada unha das fontes, en función da súa tipoloxía e do seu contexto, elabora o ‘mito’ que transmite. Aínda que poden sufrir leves modificacións, os contidos da materia organizaranse do seguinte modo:

1. Carlomagno. Aspectos históricos. Política cultural. A herdanza de Carlomagno: o Sacro Imperio. Carlomagno, mito político e literario na Idade Media.. (Prof. Santiago López Martínez-Morás)
2. Modelos, géneros e discursos histórico-literarios asociados a mitos e figuras mitificadas na cultura portuguesa medieval e a súa proxección ao longo de tempos e espazos (Profª. Mª Isabel Morán Cabanas)
3. Unha constante: o mito do Final dos Tempos (Profª. Mª Rocío Sánchez Ameijeiras).
4. Materia artúrica e imaxes (Profª. Mª Rocío Sánchez Ameijeiras)
5. Sigfrido, características e apropiacións dun mito xermánico (Prof. Victor Millet).

5. BIBLIOGRAFÍA

Esta é unha bibliografía básica. Os profesores resérvanse o dereito de proporcionar máis títulos e material de traballo e/ou de lectura obrigatoria nas aulas ou en calquera outra plataforma informativa.

- Boutet, D., *Charlemagne et Arthur ou le roi imaginaire*, Paris, Champion, 1992.
- Folz, R., *Le couronnement impérial de Charlemagne: 25 décembre 800*, Paris, Gallimard, 1964.
- Folz, R., *Le souvenir et la légende de Charlemagne dans l'empire germanique médiéval*, Genève, Slatkine, 1973 [Inclue o volume *Études sur le culte liturgique de Charlemagne dans les églises de l'empire*. Reimpresión das edicións de París, 1950 e 1951)].
- Cristóvão, F. (ed.), *Vida e feitos heroicos do grande Condestável*, Lisboa, Esfera do Caos, 2010..
- Halphen, L., *Carlomagno y el Imperio Carolingio*, Madrid, Akal, 1992.
- Horrent, J., *La chanson de Roland dans les littératures française et espagnole au Moyen Age*, Paris, Champion, 19682.
- López Martínez-Morás, S., *Épica y Camino de Santiago. En torno al Pseudo Turpin*, Sada, eds. do Castro, 2002.
- López Martínez-Morás, S., "Le Pseudo-Turpin en Espagne", *Cahiers de Recherches Médiévales et Humanistes*, 25, 2013, pp. 471-494.
- Maleval, Maria do A. Tavares, *Fernão Lopes e a retórica medieval*, Rio de Janeiro, UFF, 2010.
- Millet, Victor, *Héroes de libro. Poesía heroica en las culturas anglogermánicas medievales*, Santiago de Compostela, USC, 2007.
- Morán Cabanas, M. Isabel e Franco, José Eduardo, *É perigoso sintetizar a Idade Média. Interfaces europeias na obra de Mário Martins*, Lisboa, Esfera do Caos, 2005.
- Morán Cabanas, M. Isabel, "Memória de célebres apaixonados como património cultural português e ibérico no *Cancioneiro Geral*", *Signum*, vol. 13, n. 2, 2012.<http://www.revistasignum.com/signum/index.php/revistasignumn11/article/view/75>
- Morán Cabanas, M. Isabel e Infante, Ulisses: *O Meu Portugal. Crónicas de um desterro*, de Guilherme de Almeida (edição e estudo). Casa Guilherme de Almeida. Centro de Estudos de Tradução Literária da Secretaria de Cultura do Estado de São Paulo- Editora Annablume, São Paulo, 2016.
- Palumbo, G., *La Chanson de Roland in Italia nel Medioevo*, Roma, Salerno editrice, 2013.
- Pratt, K. (ed.), *Roland and Charlemagne in Europe: essays on the reception and transformation of a legend*, London, King's College, 1996.

Riquer, A. de (trad.), Eginardo, *Vida de Carlomagno*, Madrid, Gredos, 1999.
Riquer, M. de (ed. e trad.), *Cantar de Roldán y el Roncesvalles navarro*, Barcelona, Quaderns Crema, 1994.
Tessier, G., *Charlemagne*, Paris, A. Michel, 1965.

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN CONSEGUIR

- 1.–Coñecemento da tipoloxía e casuística das fontes históricas, artísticas e literarias referidas a figuras do imaxinario medieval.
- 2.–Capacidade para identificar e analizar mitos e lendas medievais plasmados e representados nas artes e nas letras con criterios científicos rigorosos.
- 3.–Destreza metodolóxica no exame das fontes básicas para o coñecemento dos aspectos propostos, sexan artísticas, literarias ou científicas.
- 4.–Aprender a concatenar os distintos aspectos abordados na materia, de xeito que os estudantes saiban trazar unha visión multidimensional dos mitos e das figuras lendarias do medievo.
- 5.–Comprender o significado dos mitos e das lendas na cultura e a política da sociedade medieval.
- 6.–Coñecemento das posibilidades metodolóxicas e dos novos enfoques que se poden empregar no eido dos estudos medievais.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

A impartición da materia terá dúas vertentes: a primeira comprenderá unha serie de actividades formativas presenciais; a segunda contemplará un conxunto de actividades formativas non presenciais. As actividades formativas presenciais que se realizarán son as seguintes:

–Clases teóricas dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto de estudo. Esas clases serán impartidas polo profesor ou profesora, que solicitará nas exposicións a participación activa dos alumnos. Para as explicacións empregaranse os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) que se estimen oportunos.

–Clases prácticas dedicadas á lectura e comentario de textos, á realización de exercicios nos que se apliquen os métodos e conceptos estudados e á análise práctica de diferentes ferramentas informáticas e recursos electrónicos; así como traballo práctico de lectura de fontes e de estudo de imaxes. As clases serán orientadas polo profesor e contarán coa participación activa dos alumnos.

–Titorías en grupos reducidos e individualizadas, onde se lles ofrecerá aos alumnos a orientación bibliográfica e metodolóxica pertinente para a realización dos traballos, e ofreceráselles, así mesmo, orientación para profundar nos contidos da materia.

As actividades formativas non presenciais incluírán:

–Principalmente, o traballo autónomo do alumno, que este organizará de forma persoal e libre e que lle facilitará a correcta adquisición dos contidos que configuran a presente materia. Este traballo debe incluír necesariamente a lectura e comprensión de textos, a busca e selección de material bibliográfico novo ou o adestramento no manexo das ferramentas informáticas, entre outros.

–Preparación dun pequeno traballo individual escrito sobre un tema concordado cun dos docentes da materia. Para a realización deste traballo o alumno contará co seguimento do seu titor, que decidirá sobre a viabilidade do traballo que se pretende realizar despois de escoitar os demais profesores.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Todos os alumnos deberán participar obrigatoria e activamente nas clases presenciais, xa que estas se conciben como un recurso para fomentar a implicación dos estudantes na adquisición e asimilación dos contidos. Esta participación suporá o 30% da nota final da materia; o 70% restante corresponde á realización dun traballo monográfico, que o alumno presentará de acordo cos criterios presentes ao final desta guía.

O alumno poderá escoller o seu traballo entre as propostas que figuran no apartado 9 ou elixir un tema diferente, que someterá ao visto e prace do profesor co

que queira realizalo. A corrección deste traballo corresponde ao conxunto dos docentes da materia, que deberán recibir simultaneamente copia dos documentos por correo electrónico e en papel. Este será o único criterio de avaliación para os alumnos con dispensa oficial das clases presenciais e para os eventuais alumnos repetidores.

En canto aos alumnos presenciais, só poden faltar de xeito debidamente xustificado a un máximo de dúas horas de clase (non dúas sesións). A partir da terceira hora de ausencia, e dependendo do número de faltas, deberán elaborar un ou máis traballos adicionais, cuxas características serán determinadas polo profesor responsable da docencia nese momento. Este criterio se aplicará tamén no caso das ausencias inxustificadas dende a primeira falta.

Todos os alumnos deberán asinar diariamente unha folla con indicación da súa presenza na aula, para que quede constancia escrita desta

As datas de entrega dos traballos son as seguintes: 02 de xuño 2024 para a primeira oportunidade e 30 de xuño 2024 para a segunda.

Tal como se ten afirmado arriba, as sesións das tres últimas horas de docencia son substituídas polo diálogo sobre a realización de actividades a desenvolver polo alumnado, cuxa orientación e cuxo seguimento por parte da profesora se realizan por medio do Campus Virtual.

Así mesmo, dada a circunstancia indicada en epígrafe, terásese en conta, a efectos de avaliación, as posíbeis dificultades do alumnado para a consulta de bibliografía impresa na realización do traballo final da materia.

9. PROPOSTAS DE TRABALLOS

Prof. Santiago López Martínez-Morás

Carlo Magno no imaxinario medieval europeo.

Os mitos épicos na construción nacional.

Prof. Victor Millet Schröder

Sigfrido, características e apropiacións dun mito xermánico.

Outras propostas que poderán ser comunicadas no curso do seu tramo de docencia.

Prof.ª Maria Isabel Morán Cabanas

Mitos e figuras mitificadas no imaxinario medieval portugués e a súa proxección nos diversos xéneros, tempos e espazos.

Profª Mª Rocío Sánchez Ameijeiras

A profesora Rocío Sánchez Ameijeiras comunicará as súas propostas no curso do seu tramo de docencia.

MATERIAIS DE APOIO

Os diferentes materiais de apoio serán indicados polos profesores nas súas respectivas clases. En caso de existir algún cuxa lectura sexa necesaria antes do comezo das mesmas, será anunciado no día de presentación da materia.

Instrucións para a realización do Traballo monográfico individual

En función do tema da súa elección, cada estudante traballará baixo a tutela dun dos profesores da materia, e terá de prazo ata o día que aparece fixado na guía docente para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que deberá aterse ás seguintes pautas:

- Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudo.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
- Bibliografía: ao final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas: a) Apelido, ano: pp.; b) Apelido, *tít. abrev.*, pp.
- Coidarase de xeito especial a redacción e a puntuación.
- Non poden faltar: un índice ao principio do traballo, unha breve introdución que explique os obxectivos que persegue e as conclusións.